



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
CELEBRADA O DÍA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, D. Carlos Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, Celestino V. García Paz, D. Jaime De Olano Vera, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández .

SECRETARIO ACCTAL.

D. Sergio Aguado Delicado

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul.

AUSENTES:

D^a. María del Carmen Gueimunde González e D^a. Cándida Méndez Salgado.

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dezoito horas e trinta minutos do día dez de novembro de dous mil once, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno , baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, o Secretario accidental quen certifica.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario déclarase polo Sr. Alcalde aberta a sesión.

**1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A MOFIFICAR AS ORDENANZAS FISCAIS
REGULADORAS DE IMPOSTOS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS PARA REXER NO
ANO 2012.**

Intervén o Sr. Alcalde D. Melchor Roel Rivas expoñendo que as taxas municipais e prezos públicos actualízanse ao IPC acumulado a setembro que é o 3,1% ; o IBI de urbana incrementase o tipo de gravame en 1,84%, aínda que a subida real en cota é o 3,88 %



pero este ano non haberá revisión catastral ao prorrogarse os Orzamentos Xerais do Estado do 2011 onde se fixou a revisión nun 0%; o IVTM incrementase a cota nun 4%; ICIO súbese de 2,02 ao 2,13% e o IBI de rústica non se modifica.

Toma a palabra o portavoz do PP, D. César Aja Mariño agradecendo o cambio de horario da celebración do Pleno. A continuación sinala que o seu Grupo non sabe cal é a xustificación desta subida nos tributos e ademais a non aprobación dos Orzamentos, coa consecuente prórroga, significa que non se poden incrementar as taxas. Engade que a subida é anacrónica e inoportuna, a parte de non saber en que se vai aplicar ao non ter o Orzamento.

En canto ao IBI de urbana a subida do 1,84% é sobre a base pero en cota isto significa o 5%. O que pide a situación económica actual é conxelar ou ben baixar os impostos e no caso do IBI é máis claro porque se vai a recadar máis ao haber un número maior de vivendas.

Da aplicación non se fala se é para comprar outra Pomba, se se vai a investir no Celeiriño etc...

Termina dicindo que o seu Grupo vai votar en contra por ser unha subida sen xustificar e un despropósito.

A continuación intervén a edil do PsdG-PSOE e Concelleira de Facenda D^a Covadonga Viamonte Aguiar que, tras recordar as subidas mencionadas polo Alcalde, sinala que estas teñen como obxectivo atender o custo de servizos que non se queren deixar de prestar como son servizos sociais, atención a maiores, axuda á dependencia, Conservatorio....

Doutra banda a Xunta de Galicia recortou subvencións e por exemplo en outubro e novembro nos comunican un recorte de 90.745,47 € cando o gasto xa o realizamos.

Termina dicindo que lle encantaría baixar os impostos pero sería unha situación irreal pois deberían de deixar de prestar servizos (axuda a domicilio, gardería, conservatorio..). Tamén lle gustaría que Administracións Públicas superiores asumisen as súas responsabilidades, pero non é así e o Concello é quen ten que aceptalas. Como dato sinala que o Conservatorio custa ao Concello 600.000 €/ano e a Xunta en 2011 concede unha subvención de 8.299,67 €. Recorda que os alumnos matriculados viven desde Barreiros a Ortigueira. Pola necesidade de manter a prestación de servizos é polo que o seu grupo vai votar a favor da Proposta de Alcaldía.

Toma a palabra o portavoz do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, o cal ratifícase no ditaminado pola Comisión de Facenda, mantendo o voto favorable do seu grupo á proposta.

Explica a vital importancia para os veciños de Viveiro de manter servizos como o Conservatorio, Deportes, Cultura, Servizos Sociais, e que a situación económica non é idónea pero ademais os recortes producidos pola Xunta provoca neste Concello un afogamento económico.

Sorpréndelle que o PP estea en contra da subida, cando Concellos como Foz, Cervo e Barreiros seguen a mesma política de subida de impostos. Afronta que haberá que apertarse o cinto, pero tamén temos que asumir a situación, responsabilizarse e tirar para adiante, pois é claro que a ningún grupo político lle gusta subir os impostos.



Posteriormente intervén o portavoz do IVI, D. Guillermo Leal Arias, dicindo que para o manexo das ordenanzas fiscais necesítase o avance do Orzamento.

Continua sinalando que as subidas non son importantes cuantitativamente, por exemplo, un piso medio dun valor catastral de 32.427 € o recibo do ano que vén increméntaselle 4,20 € ; un baixo comercial de valor catastral 147.461,07 € supónlle unha subida de 19,16 €. Agora ben, se o Estado fai unha revisión catastral a subida notarase máis.

A subida pode ser ou non suficiente ou desmesurada, pero para ser obxectivos é necesario saber cal é o volume de gasto no Orzamento.

Dá unha serie de datos de tipos impositivos de IBI urbana da provincia de Lugo e só están por diante de nós Pobra de Brollón (0,75%) e Ribadeo (0,73%). Continua dando datos de tipos, todos inferiores a Viveiro, como son Burela, Xove, Chantada, Monforte, Ferrol, Lalín, A Coruña, Lugo, Pontevedra..

Termina dicindo que non é o mellor momento para a subida de impostos, pero esta non vai ser suficiente para cubrir o remanente líquido de tesourería negativo de 2010, ao que haberá que engadir o do presente ano. Manteñen a súa postura de abstención porque previa á subida de ingresos débese saber os gastos, é dicir, coñecer o Orzamento.

Intervén de novo o Sr. Alcalde para aclarar una serie de puntos.

No barco A Pomba compraron os motores e o instrumental da ponte e que espera que aparezan todos despois do movemento ilegal do barco realizado por Portos de Galicia. Os orzamentos estanse realizando pero a publicación definitiva dos impostos debe ser antes do 31 de Decembro para que se poidan aplicar.

A subida realizada é a mínima para os servizos que se prestan, en 2002 utilizáronse 72.000 € para atención de anciáns e en 2010 a cifra é de 470.000 €; de 1998 a 2003 deixáronse 11.100.000 € entre débeda bancaria, facturas de caixón e Biodiversidade, o propio Tribunal de Contas estimou un déficit no ano 2000 de 280 millóns de pesetas. Ademais hai facturas de estudos e consultorías dunha contía significativa e que nunca se reclamaron.

Non se di a verdade cando se afirma que a denegación de subvención este ano ao Plan Xitano prodúcese polo Estado. A Xunta quítanos 33.500 € que xa gastamos, cando somos o segundo Concello con máis poboación desta etnia.

En canto ás comparacións de tipos de IBI habería que ver cando se fixo a última revisión catastral en cada Concello. Ademais no 2012 non haberá revisión estatal pois tería que estar aprobada antes do 31 de decembro e isto non vai suceder.

En todos e cada un dos impostos, os tipos están por baixo da normativa legal. De 2008 a 2011 as subidas realizadas están por baixo do IPC interanual; o IBI de rústica non se sobe e o incremento do ICIO non é significativo.

En canto aos orzamentos, estanse confeccionando e recoñece que existe dificultade para cadralos e haberá recortes pero non en persoal. Continua dicindo que existen servizos que non se poderían atender sen ese persoal: Alzheimer 4 persoas, UNED 2, Conservatorio 22, hai 2 persoas que realizan multifunciones, hai un Arquitecto que se dedica a realizar os proxectos de obra, 48 proxectos ao ano co consecuente aforro, o Arquitecto municipal atende á aprobación do PXOM e a informar sobre o cumprimento da normativa urbanística, cando se realiza unha exposición necesítanse 5 persoas (3 para quendas e 2 corretornos), antes había en todo o Concello un parque, agora hai 272.000 m2 de zonas verdes que terán que manter o persoal.



A todos estes gastos hai que engadir que hai que facer fronte a débedas que viñeron e outros xeraron.

Intervén de novo o portavoz do PP e sinala que non se avaliaron os custos dos servizos. O grupo de goberno descúlpase nos recortes das subvencións realizados pola Xunta, pero non di que o Estado tamén recortou as axudas á Comunidade Autónoma. En canto ao persoal habería que ver que persoal temos, pois aínda non o sabe, e avaliar cada caso.

Tamén debe revisarse, non só a débeda anterior a 2003, senón a posterior. Está disposto a debater a débeda cando queira, pero deben permitilo entrar en Intervención e ver facturas.

Volve tomar a palabra o Alcalde para dicir que o PP non tiña transparencia e que do ano 1998 ao 2003 non existían Comisións Informativas senón unha Xunta de portavoces. Recorda tamén que a relación de persoal viño ao Pleno deste Concello.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 9. D. Melchor Roel Rivas, D^a María Loureiro García, D. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a Covadonga Viamonte Aguiar, Carlos Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico e D^a Olaia Casas Chaves.

Votos en contra: 4. D. César Aja Mariño, D. Jaime De Olano Vera, D. Celestino Valentín García Paz y D. Antonio José Bouza Rodil.

Abstencións: 2. D. Guillermo Leal Arias y D. Jesús Fernández Fernández.

En consecuencia decláranse aprobadas provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais reguladoras de impostos, taxas e prezos públicos para rexer no ano 2012 .

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as dezanove horas e quince minutos, de todo o que eu, como Secretario accidental dou fe.

Vº. e Prace
O Alcalde,

O Secretario Accidental,

